

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 11 de marzo de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego

**Invitados**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup>. Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día once de marzo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(209).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(210).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 767/330.**

Dáse conta do informe do 04/03/2016, do xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo **servizo da Área de Cultura**, nos mes de **FEBREIRO de 2016**.

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
723/330	11/02/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS PORTAS CORREDOIRAS AUTOMÁTICAS NA PINACOTECA FFR NO ANO 2016	3330.227.99.00	15958	290,40 €	ASCENSORES ENOR, S.A.
724/330	11/02/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DOS GRUPOS ELECTRÓXENOS E BOMBAS DE ACHIQUE DA PINACOTECA FFR NO ANO 2016	3330.227.99.00	15965	405,32 €	ELECTRONAVIA, S.L.
725/330	11/02/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DA PINACOTECA FFR NO ANO 2016	3330.227.99.11	15968	1.627,74 €	CELTSENER, S.L.
731/330	02/02/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE CONTIDOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN CULTURAL NA WEB "VIGOCULTURA.ORG"	3340.227.99.00	14608	9.680,00 €	HERMES SISTEMAS, S.L.
747/330	18/02/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DAO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016	3331.227.99.00	17201	1.184,07 €	CELTSENER, S.L.
754/330	25/02/16	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ELABORACIÓN DE PROXECTO DE DINAMIZACIÓN CUTURAL	3340.227.06.00	19284	6413	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.
760/330	25/02/16	ADQUISICIÓN DE 200 LIBROS-PACK "RELATOS NA RÚA I" E "RELATOS NA RÚA II"	3340.220.01.00	19351	4.200,00 €	MUNDO DETRÁS DEL MARCO, S.L. (EDITORIAL ELVIRA)

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**3(211).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2015. EXPTE. 15281/331.**

Dáse conta do informe do 03/03/16, da xefa da oficina administrativa de Programación Cultural, conformado polo xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, polo xefe de Programación e Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura:

*“En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento, e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gastos menor tramitados polo servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de decembro de 2015, e que son os que deseguido se relacionan:*

<b>Nº EXP.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PERCEPTOR</b>	<b>CIF/NIF</b>	<b>IMPORTE</b>
15182/331	Subministración de materiais para realización de espectáculos de música, teatro e danza en dependencias culturais	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L	B36743755	14.164,08 €
15187/331	Reparación de dúas cámaras exteriores e infravermello na Biblioteca Xosé Neira Vilas	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A	A79252219	676,39 €
15197/331	Inspección periódica de ascensores na Biblioteca Juan Compañel e na Casa Galega da Cultura	OCA INSPECCION, CONTROL Y PREVENCIÓN SAU	A40007460	217,80 €
15201/331	Colocación de cerraportas dorma na porta da entrada principal da Biblioteca Xosé Neira Vilas	MUIÑOS RODRIGUEZ JOSE MANUEL	36130547P	568,70 €
15204/331	Suministro de materiais de oficina	CARLINGAL SL	B32170961	366,96 €
15205/331	Reparación carril porta corredeira aseo mulleres Biblioteca Xosé Neira Vilas	MUIÑOS RODRIGUEZ JOSE MANUEL	36130547P	24,20 €
15206/331	Apertura de calicatas en local baixo a Biblioteca Xosé neira Vilas para comprobación de filtracións	MUIÑOS RODRIGUEZ JOSE MANUEL	36130547P	1.695,90 €
15207/331	Suministro e colocación de bombillas edificio Casa Galega da cultura e suministro e instalación de interruptor dobre	MUIÑOS RODRIGUEZ JOSE MANUEL	36130547P	1.797,19 €
15209/331	Retimbre e carga de seis extintores na Biblioteca Xosé Neira Vilas	ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL	B36959799	126,45 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**4(212).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 15282/331.**

Dáse conta do informe do 03/03/16, da xefa da oficina administrativa de Programación Cultural, conformado polo xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, polo xefe de Programación e Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura:

*“En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento, e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura,*

Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gastos menor tramitados polo servizo de Cultura e Bibliotecas nos meses de xaneiro e febreiro de 2016, e que son os que deseguido se relacionan:

<b>Nº EXP.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PERCEPTOR</b>	<b>CIF/NIF</b>	<b>IMPORTE</b>
15226/331	Mantemento do ascensor e plataforma da Casa Galega da Cultura	ASCENSORES ENOR, SA	A36650992	2.119,92 €
15227/331	Mantemento dos ascensores da Biblioteca Juan Compañel	ASCENSORES ENOR, SA	A36650992	2.119,92 €
15228/331	Mantemento do grupo electróxico na Biblioteca Juan Compañel	CELTSENER, SL	B36422905	649,00 €
15229/331	Contratación dunha función do espectáculo "Rumpelstikin, o anano saltarín" da compañía Títeres Trompicallo, no Auditorio Municipal, o domingo 14 de febreiro, dentro da programación Vigocultura	TROMPICALLO S.C.	J15965510	1.590,00 €
15230/331	Contrato para o mantemento das instalacións de climatización en bibliotecas	VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU	A15208408	5.252,00 €
15231/331	Contrato de mantemento da porta automática na Biblioteca Juan Compañel	ASCENSORES ENOR, SA	A36650992	198,00 €
15232/331	Contrato de mantemento de instalacións de seguridade, liñas de vida nas Bibliotecas do Servizo de Cultura	GAMESYSTEM, SA	A78885514	845,00 €
15233/331	Servizo de mantemento de instalacións de seguridade, vixilancia, nas bibliotecas do Servizo de Cultura	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA	A79252219	2.879,00 €
15236/331	Contratación dunha función do espectáculo "Presidente", da compañía Teatro do Morcego, o venres 12 de febreiro de 2016, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	TEATRO DO MORCEGO S.L.	B36143972	2.769,60 €
15237/331	Contratación dunha función do espectáculo "Demolición" da compañía Talía Teatro, o venres 19 de febreiro de 2016, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	PRODUCCIÓNS TEATRÁIS TALÍA S.L.	B70123567	1.674,00 €
15238/331	Contratación dunha función do espectáculo "Chíos" da compañía Teatro da Semente, o domingo 21 de febreiro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	URDIME S.C.G.	F70353982	540,00 €
15239/331	Contratación dunha función do espectáculo "A louca historia de Galicia", da compañía Fulano, Mengano e Citano, o venres 26 de febreiro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	MANUEL POMBAL PÉREZ	36026007A	1.770,00 €

<b>Nº EXP.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PERCEPTOR</b>	<b>CIF/NIF</b>	<b>IMPORTE</b>
15242/331	Contratación dunha función do espectáculo "Ra ra ra" da compañía Abrapalabra, o domingo 6 de marzo de 2016, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS	B70217336	1.452,00 €
15243/331	Servizo de mantemento das instalacións de climatización da oficina de Cultura	VEOLIA	A15208408	552,10 €
15244/331	Contratación dunha función do espectáculo "Raclette" da compañía Ibuprofeno Teatro, o venres 18 de marzo de 2016, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	SANTIAGO CORTEGOSO CALVAR	78735930F	2.548,26 €
15245/331	Contratación dunha función do espectáculo "Os reloxos preguiceiros de néboa" da compañía Aporía Escénica, o domingo 27 de febreiro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	MERCEDES LÓPEZ PÉREZ	36131460R	2.280,00 €
15246/331	Contratación dunha función do espectáculo "Forzu2" da compañía Circo Chosco, o domingo 20 de marzo, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	CULTURACTIVA S.C.G.	F15983067	726,00 €
15247/331	Contratación dunha función do espectáculo "Des-habitat" da compañía Vaivén Circo, o venres 15 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	MIGUEL ÁNGEL MORENO MONTOSA	53684609X	2.395,80 €
15248/331	Contratación dunha función do espectáculo "Luppo" de Baobab Teatro, o domingo 17 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	BAOBAB TEATRO S.L.	B94101151	1.134,00 €
15250/331	Contratación dunha función do espectáculo "Monólogo do imbécil" de Xosé Touriñán, o venres 6 de maio, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	EMEDOUS PRODUCIÓNS E DISTRIBUCIÓN	B15778236	1.084,80 €
15251/331	Contratación dunha actuación de Uxía&Narf, o venres 13 de maio, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	MAR MAIOR PRODUCIÓNS S.L.	B27434257	1.452,00 €
15252/331	Contratación dunha función do espectáculo "Código Postal 00", da compañía Engruna Teatre, o domingo 15 de maio, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	ENGRUNA PRODUCCIONS SCP	J65401192	1.590,00 €

<b>Nº EXP.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PERCEPTOR</b>	<b>CIF/NIF</b>	<b>IMPORTE</b>
15254/331	Contratación da produción técnica dos espectáculos programados nos meses de febreiro-maio no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L	B36743755	9.026,58 €
15255/331	Deseño e suministro de material gráfico de difusión da programación do Auditorio Municipal do Concello nos meses de febreiro-maio, dentro do programa Vigocultura	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	B36614808	4.088,23 €
15256/331	Contratación dunha función do espectáculo "Don Quixote, unha comedia gastronómica" da compañía Limiar Teatro, o domingo 24 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	CARLOS MARTÍNEZ CARBONELL	34991885F	508,20 €
15257/331	Contratación do servizo de venda de entradas dos espectáculos programados no Auditorio Municipal do Concello dentro da programación Vigocultura	FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL	G70270293	3.500,00 €
15258/331	Contratación dunha función do espectáculo "El árbol de mi vida" da compañía Pata Teatro, o domingo 3 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	PATA TEATRO S.L.	B92800374	0,00 €
15259/331	Contratación dunha función do espectáculo "Kassa" da compañía Elefante Elegante, o venres 4 de marzo, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do concello, dentro da programación Vigocultura	ELEFANTE ELEGANTE SC	J70223680	1.996,50 €
15261/331	Contratación dunha actuación de The Funamviolistas o venres 1 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	GESTORA DE NUEVOS PROYECTOS CULTURALES	B91624064	3.557,40 €
15262/331	Contratación dunha función do espectáculo "Ali Baba y los 40 ladrones" da compañía Borobil Teatroa, o domingo 8 de maio, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	ANARTZ ZUAZUA ÁLVAREZ	44131397D	1.980,00 €
15263/331	Contratación dunha función do espectáculo "El traje nuevo del emperador" da compañía Xip Xap Teatre, o domingo 10 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	XIP XAP S.L.	B25221953	2.600,00 €
15264/331	Contratación dunha función do espectáculo "Shakespeare para ignorantes" da compañía Producións Teatráis Excéntricas, o venres 22 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	PRODUCCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS S	B15928377	2.178,00 €

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
15268/331	Contratación dunha función do espectáculo "Mi relación con la comida" da compañía El Buco Producciones, o venres 8 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	EL BUCO PRODUCCIONES S.L.	B85303477	2.420,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**5(213).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 1470/341.**

Dáse conta do informe de data 02/03/16, do xefe do servizo de Museos Municipais, conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura:

*"En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, que establece que os concelleiros-delegados darán conta á Xunta de Goberno dos expedientes de contratación de gasto menor autorizados na súa área, relaciónanse os tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) nos meses de xaneiro e febreiro de 2016.*

**XANEIRO 2016**

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO (341)	Expte. 1440-341. Reserva xenérica de crédito para SERVICIOS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN EDIFICIOS. RCM 11133.	20/01/16	3.000,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1441-341. Reserva xenérica de crédito para SUBMINISTRACIÓN DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN EDIFICIOS. RCM 11134.	20/01/16	3.000,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1446-341. Servizos revisión e reparación MAQUINARIA. RCM 12655.	26/01/16	1.000,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1447-341. Xenérico subministración para revisión MAQUINARIA. RCM 12656.	26/01/16	1.000,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1448-341. Xenérico subministro MATERIAL OFICINA. RCM 12657.	26/01/16	500,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1442-341. Reserva xenérica de crédito para SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE LIMPEZA para dependencias museísticas. RCM 11431.	/01/16	500,00 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO (341)	Expte. 1427-341. Reserva xenérica de crédito para servizos de MENSAXERÍA E DISTRIBUCIÓN. RCM 9103.	04/01/16	3.500,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1433-341. Reserva xenérica de crédito para MATERIAL BÁSICO DE DIFUSIÓN E ROTULACIÓNS. RCM 9269.	12/01/16	1.500,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1436-341. Reserva xenérica de crédito para ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS. RCM 10205.	15/01/16	2.000,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1428-341. Subministración de LONAS para exposicións. GALEGA DE CARTEIS, S.L. RCM 9093.	08/01/16	6.098,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1431-341. TRANSPORTE obras Mingos Teixeira. ARTECOM. RCM 9095.	08/01/16	844,58
SERVIZO (341)	Expte. 1430-341. DESMONTAXE exposición Mingos "Alicia no país das marabillas" de Mingos Teixeira na Casa das Artes. DAXEGA. RCM 9094.	04/01/16	1.201,05 €
SERVIZO (341)	Expte. 1429-341. MATERIAL GRÁFICO para a exposición "XX MARATÓN FOTOGRÁFICO" na Casa das Artes. ECOVIGO PUBLICIDAD. RCM 9268.	12/01/16	784,93 €
SERVIZO (341)	Expte. 1434-341. PRODUCCIÓN, MONTAXE E DESMONTAXE da exposición "XX MARATÓN FOTOGRÁFICO" na Casa das Artes. AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA.	14/01/16	2.541,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1426-341. Contratación do mantemento do ASCENSOR DE CASA DAS ARTES. ZARDOYA OTIS, S.A., CIF: A28011153. RCM 9270.	12/01/16	2.105,40 €
SERVIZO (341)	Expte. 1437-341. Servizos de mantemento de CLIMATIZACIÓN en Casa das Artes e CAT. VEOLIA. RCM 13815.	28/01/16	1.409,28 €
VERBUM (340)	Expte. 2485-340. MANTEMENTO ASCENSOR do Verbum. KONE, S.L. RCM 9661.	13/01/16	2.328,24 €
VERBUM (340)	Expte. 2491-340. TRABALLOS DE MANTEMENTO NO EDIFICIÓ E NA EXPOSICIÓ PERMANENTE. RCM 12633.	26/01/16	1.500,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2493-340. Reserva de crédito para SERVIZOS de mantemento de MAQUINARIA e instalacións. RCM 12637.	26/01/16	2.000,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2492-340. Reserva de crédito para SUBMINISTROS para reparación de MAQUINARIA e instalacións. RCM 12635.	26/01/16	1.000,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2495-340. Reserva de crédito para subministro de COMBUSTIBLE para a caldeira no Verbum. RCM 12638.	27/01/16	4.000,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2496-340. Reserva xenérica de crédito para COMUNICACIÓNS POSTAIS no Verbum.	26/01/16	200,00 €



CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
QUIÑONES (337)	Expte. 5608-337. Xenérica de crédito para SERVIZOS de mantemento, reparación e conservación do Museo Municipal "Quiñones de León". RCM 11441.	21/01/16	3.000,00 €
QUIÑONES (337)	Expte. 5609-337. Reserva xenérica de crédito para SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DIVERSO PARA O MUSEO. RCM 11439.	21/01/16	1.500,00 €
QUIÑONES (337)	Expte. 5610-337. Reserva xenérica de crédito para contratación de ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS. RCM 11440.	21/01/16	1.500,00 €

#### **FEBREIRO 2016**

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO (341)	Expte. 1451-341. REDACCIÓN PROXECTO e COMISARIADO exposición NOITE BRANCA 2016. MARÍA MARCO COVELO. RCM 17889.	22/02/16	3.630,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1452-341. COMISARIADO da exposición "TEATRO KEYZÁN: 50 ANOS DE CREACIÓN ESCÉNICA. VIGO 1966-2016". José Luis Mateo Álvarez. RCM 16798.	15/02/16	4.235,00 €
SERVIZO (341)	Expte. 1438-341. Servizos mantemento GRUPOS ELECTRÓXENOS na Casa das Artes. ELECTRONAVIA, S.L. RCM 17004.	10/02/16	375,10 €
VERBUM (340)	Expte. 2494-340. Reserva de crédito para Mantemento e reparación de EQUIPOS AUDIOVISUAIS NO VERBUM. RCM 13814.	03/02/16	1.500,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2489-340. Mantemento de PORTAS AUTOMÁTICAS no Vebum. ACENSORES ENOR, S.A.	04/02/16	266,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2487-340. Mantemento GRUPOS ELECTRÓXENOS, CENTRO TRANSFORMACIÓN E BOMBA ACHIQUE no Verbum. ELECTRONAVIA.	04/02/16	641,30 €
VERBUM (340)	Expte. 2490-340. Mantemento ordenadores MACINTOSH da exposición permanente do Verbum. TELINCO, SLU. RCM 14865.	04/02/16	5.445,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2488-340. Mantemento do sistema de CALEFACCIÓN do Verbum. VEOLIA. RCM 14864.	04/02/16	960,00 €
QUIÑONES (337)	Expte. 5606-337. Contrato menor de Servizos para mantementos de ELEVADOR no Museo Quiñones de León. SCHINDLER, S.L. RCM 13990.	02/02/16	2.018,52 €
QUIÑONES (337)	Expte. 5624-337. Contratación PÓLIZA do seguro da colección de ARTE ANTIGA E ARTES DECORATIVAS do Museo Municipal "Quiñones de León" no período 1 de marzo ao 31 decembro 2016. AXA ART. RCM 17888.	23/02/16	8.523,66 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**6(214).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN, COA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA A PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS PARA O EXERCICIO 2016. EXPTE. 739/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/02/16 e o informe de fiscalización do 08/03/16, dáse conta do informe-proposta do 03/03/16, do xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Con data 1 de febreiro de 2016, a Sociedade Filarmónica de Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 5 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización da programación anual de concertos para 2016, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 18.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.06 do orzamento municipal vixente.*

**ANTECEDENTES.-**

*A SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.*

**PROGRAMA E ORZAMENTO**

*A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Teatro-Sala de concertos de Afundación, según o seguinte:*

*18 de xaneiro: Mario Prisuelos (piano)  
28 de xaneiro: Real Filharmonía de Galicia  
15 de febreiro: Dúo Salzburgo  
18 de febreiro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
25 de febreiro: Real Filharmonía de Galicia  
10 de marzo: Real Filharmonía de Galicia  
14 de marzo Premio de Piano “Ciudad de Ferrol”  
31 de marzo: Real Filharmonía de Galicia  
14 de abril: Orquestra Sinfónica de Galicia  
29 de abril: Cuarteto Gabriel Bussi  
5 de maio: Orquestra Sinfónica de Galicia  
9 de maio: Orchinikof (piano)  
19 de maio: Real Filharmonía de Galicia  
3 de xuño: Real Filharmonía de Galicia  
13 de xuño: Senior Ensemble  
6 de outubro: Orquestra Sinfónica de Galicia*

17 de outubro: Dúo de piano e violonchelo (Prisuelos Pastrana)  
27 de outubro: Real Filharmonía de Galicia  
10 de novembro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
21 de novembro: Bastian e Bastiana (ópera)  
5 de decembro: Pequena Misa Solemne de Rossini  
15 de decembro: Real Filharmonía de Galicia  
22 de decembro: Orquestra Sinfónica de Galicia

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 110.172,08 € (cento dez mil cento setenta e dous euros con oito céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 18.000 € (16,34 %)
- Cotas de socios: 86.215 € (78,25 %)
- Aportación entidade: 5.957,08 € (5,41%)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Escrito de data 9 de febreiro de 2016, asinado polo presidente da SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á programación anual de concertos para 2016.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO para a organización da programación anual de concertos para o presente exercicio, obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

*A concesión da subvención directa á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2016, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.*

*De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.*

#### **ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-**

*O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.*

*O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.*

#### **FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-**

*A subvención do Concello de Vigo á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO ten como obxecto financiar a organización da programación anual de concertos para 2016 e figura na aplicación **3340.480.00.06** do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 18.000 €, a favor da devandita entidade.*

*A subvención do Concello de Vigo á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.*

#### **CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**

*A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.*

*Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte*

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“**PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 18.000€ (dezaoito mil euros) á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO, CIF. G36652881, para o financiamento da programación anual de concertos para o exercicio 2016, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.06*

*“CONVENIO SOCIEDAD FILARMÓNICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa anual de concertos durante o exercicio 2016.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MAILA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA A PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS PARA O EXERCICIO 2016.**

En Vigo, \_ de \_\_\_\_ de dous mil dezaseis

**REÚNENSE**

*A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,*

*Doutra, D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS, na súa condición de presidente da entidade SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO, CIF G-36.652.881, e enderezo social na rúa Camelias, 52 da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.*

*Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

**MANIFESTAN**

**I.-** *Que a **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.*

**II.-** *Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**, como medio de divulgación musical entre toda a cidadanía.*

**III.-** *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.06, como subvención nominativa, a favor da **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**, a cantidade de 18.000 euros.*

**IV.-** Que a **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

**V.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa anual de concertos, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio, e que se desenvolverá durante o ano 2016 no Teatro-Sala de concertos de Afundación.

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 110.172,08 € (cento dez mil cento setenta e dous euros con oito céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 18.000 € (16,34 %)
- Cotas de socios: 86.215 € (78,25 %)
- Aportación entidade: 5.957,08 € (5,41%)

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Teatro-Sala de concertos de Afundación, según o seguinte:

18 de xaneiro: Mario Prisuelos (piano)  
28 de xaneiro: Real Filharmonía de Galicia  
15 de febreiro: Dúo Salzburgo  
18 de febreiro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
25 de febreiro: Real Filharmonía de Galicia  
10 de marzo: Real Filharmonía de Galicia  
14 de marzo Premio de Piano "Ciudad de Ferrol"  
31 de marzo: Real Filharmonía de Galicia  
14 de abril: Orquestra Sinfónica de Galicia  
29 de abril: Cuarteto Gabriel Bussi  
5 de maio: Orquestra Sinfónica de Galicia

9 de maio: Orchinikof (piano)  
19 de maio: Real Filharmonía de Galicia  
3 de xuño: Real Filharmonía de Galicia  
13 de xuño: Senior Ensemble  
6 de outubro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
17 de outubro: Dúo de piano e violonchelo (Prisuelos Pastrana)  
27 de outubro: Real Filharmonía de Galicia  
10 de novembro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
21 de novembro: Bastian e Bastiana (ópera)  
5 de decembro: Pequena Misa Solemne de Rossini  
15 de decembro: Real Filharmonía de Galicia  
22 de decembro: Orquestra Sinfónica de Galicia

#### **CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Avelino San Luís Costas, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente



*comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).*

*Lingua de difusión e publicacións:*

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.*

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

*O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.*

*Documentación a incluír na conta xustificativa:*

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 9 de decembro de 2016*
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
  - 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
  - 3. Memoria de prensa.*
  - 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
  - 5. Reportaxe fotográfica.**
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

#### *Gastos subvencionables:*

*Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.*

*En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

#### *Importe total de subvencións ou axudas:*

*A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.*

*Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

*Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.*

*A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.*

*Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área  
de Cultura

O presidente da Sociedad Filarmónica de Vigo

Cayetano Rodríguez Escudero

Avelino San Luís Costas

#### **ANEXO I**

#### **ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS 2016**

##### **1.- GASTOS:**

Actividades e concertos	86.550 €
Dereitos de autor-Sgae	6.175,60 €
Gastos secretaría	4.800 €
Gastos mantemento	3.300,85 €
Imprenta	5.746,75 €
Seguros e imposto	2.886,88 €
Afinacións	712 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>110.172,08 €</b>

## **2.- INGRESOS:**

Subvención Concello de Vigo	18.000 €
Cotas de socios	86.215 €
Aportación da entidade	5.957,08 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>110.172,08 €</b>

## **7(215).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE “BICI RUTAS 2016” O VINDEIRO 13 DE MARZO E 3 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14915/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 08/03/16, do director deportivo-xefe Ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

### **“1.- ANTECEDENTES:**

A Concellería de Deportes, conxuntamente co Club Ciclista Vigués, con CIF (G36650885), solicitou, a través do Rexistro Municipal (Doc.160018671), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: BICI RUTAS 2016
- Data:
  - 13 DE MARZO
  - 3 DE ABRIL
- Horario:10.30h A 13.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita proba, que **terá lugar o 13 de marzo**, sairá da Porta do Sol e percorrerá por Paseo Elduayen, Paseo de Alfonso XIII, Pi y Margall, Santa Marta, Avenida de Beiramar, Parque Eduardo Cabello, Rúa Santo Cristo, Igrexia de Bouzas, Paseo de Bouzas (ida e volta), Paseo Paz Andrade, Rúa de Roade, Avenida de Atlántida, Avenida de Samil, Rúa de Canido, Rúa Arquitecto Gómez Román, Rúa Arquitecto Cominges, Cabo Estai. Rúa Arquitecto Desiderio Pernas, Rúa Arquitecto Cominges, Rúa Arquitecto Gómez Román, Rúa de Canido, Avenida de Samil, Avda. Atlántida, Rúa de Roade, Paseo Paz Andra-

de, Igrexia de Bouzas, Parque Eduardo Cabello, Beiramar, Rúa Cánovas del Castillo, Rúa Carral, Rúa Marqués de Valladares, Rúa Reconquista, Porta do Sol e **A seguinte ruta terá lugar o 3 de abril**, con saída dende porta do sol, seguindo por Policarpo Sanz, Avenida García Barbón, Avenida Sanjurjo Badía, Avenida de Galicia, Parque da Riouxa. Camiño da Chumba, Baixada as Roteas, Camiño Real, Baixada a Ríos, Avenida da Mariña, ETEA, Paseo Praia da Guía, Rúa Dr. Corbal, Avda. D<sup>a</sup>. Fermina, Carballeira da Guía, Avda. D<sup>a</sup>. Fermina, Rúa Pedro Alvarado, Camiño Maceiras, Rúa da Devesa de Santa Tegra, Avenida de Guixar, Avenida Xulián Estévez, Avenida García Barbón, Rúa Policarpo Sanz, **Porta do Sol**.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Club ciclista vigués, con CIF (G36650885) a organizar o vindeiro domingo 13 de marzo e 3 de abril as BICI RUTAS 2016, a saída das rutas será ás 10.30 horas dende a Porta do Sol; a continuación relaciónanse os percorridos das rutas: **o 13 de marzo**, sairá da Porta do Sol e percorrerá por Paseo Elduayen, Paseo de Alfonso XIII, Pi y Margall, Santa Marta, Avenida de Beiramar, Parque Eduardo Cabello, Rúa Santo Cristo, Igrexia de Bouzas, Paseo de Bouzas (ida e volta), Paseo Paz Andrade, Rúa de Roade, Avenida de Atlántida, Avenida de Samil, Rúa de Canido, Rúa Arquitecto Gómez Román, Rúa Arquitecto Cominges, Cabo Estai. Rúa Arquitecto Desiderio Pernas, Rúa Arquitecto Cominges, Rúa Arquitecto Gómez Román, Rúa de Canido, Avenida de Samil, Avda. Atlántida, Rúa de Roade, Paseo Paz Andrade, Igrexia de Bouzas, Parque Eduardo Cabello, Beiramar, Rúa Cánovas del Castillo, Rúa Carral, Rúa Marqués de Valladares, Rúa Reconquista, Porta do Sol. **A ruta do 3 de abril**, con saída dende porta do sol, seguindo por Policarpo Sanz, Avenida García Barbón, Avenida Sanjurjo Badía, Avenida de Galicia, Parque da Riouxa. Camiño da Chumba, Baixada as Roteas, Camiño Real, Baixada a Ríos, Avenida da Mariña, ETEA, Paseo Praia da Guía, Rúa Dr. Corbal, Avda. D<sup>a</sup>. Fermina, Carballeira da Guía, Avda. D<sup>a</sup>. Fermina, Rúa Pedro Alvarado, Camiño Maceiras, Rúa da Devesa de Santa Tegra, Avenida de Guixar, Avenida Xulián Estévez, Avenida García Barbón, Rúa Policarpo Sanz, **Porta do Sol**.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aprobar a proposta contida no precedente informe.

**8(216).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “VI CROSS ESCOLAR COLEGIO MONTERREY” O VINDEIRO 13 DE MARZO DE 2016. EXPTE. 14826/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 08/03/16, do director deportivo-xefe Ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

**“1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade Colexio Monterrey, con CIF (B-36610566), solicitou o día 27-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150152571), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: VI CROSS ESCOLAR MONTERREY*
- *Data: 13 DE MARZO DE 2016*
- *Horario: 10.00h A 13.30h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 13 de marzo de 2016; esta proba comezará ás 10.00h e rematará ás 13.30h, a carreira transcurrirá pola rúa Montecelo Alto e Travesía de Vigo.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil.*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

**3- PROPOSTA DE ACORDO:**

Autorizar á Colexio Monterrey, con CIF (B 36610566), a organizar o vindeiro domingo 13 de marzo de 2016, a proba denominada **VI CROSS ESCOLAR COLEGIO MONTERREY**, esta proba deportiva comenizará ás 10.00h e rematará ás 13.30h. A proba transcurrirá pola rúa Montecelo Alto e Travesía de Vigo.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(217).- SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO CO OBXECTO DE COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS VINCULADOS CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “CIRCUÍTO CONCELLO DE VIGO DE ATLETISMO EN PISTAS-SERIES MUNICIPAIS 2016”. EXPTE. 14834/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/02/16 e o informe de fiscalización do 07/03/16, dáse conta do informe-proposta do 15/02/16, do director deportivo-xefe Ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da Agrupación Viguesa de Atletismo (En adiante AVA) polo desenvolvemento do proxecto “Circuíto Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais”.*

*A AVA, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar, que ten por obxecto o fomento e o impulso do atletismo, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel oficiais, e sen ánimo de lucro.*

*Esta entidade ten un amplo vagaxe na cidade de Vigo, desenvolve un importante proxecto deportivo e está considerada como unha das entidades de maior arraigo na cidade, participando en diferentes competicións de categorías base a nivel provincial, autonómico e nacional, o que a converte nun referente deportivo e social na cidade de Vigo.*

*No 2016, a AVA organiza o “Circuíto Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais”. Este circuíto, que neste ano 2016 inclúe a celebración do Gran Premio Cidade de Vigo, é un referente no calendario atlético da cidade, atraendo a participación dos e das mellores atletas da comunidade, e convertindo o proxecto nunha das citas atléticas anuais de maior importancia na comunidade galega.*

*O programa inclúe a disputa de 7 xornadas, que se iniciadas o 3 de xaneiro e que rematan co desenvolvemento do Gran Premio Cidade de Vigo no mes de xullo.*

*Este proxecto, que unifica a celebración das series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo, ten entre os seus obxectivos impulsar a participación nas probas de atletismo en pista desvoltas nas instalacións municipais, potenciando un calendario atlético na cidade que impulse e colabore co desenvolvemento desta modalidade.*

*Este evento, é unha das competicións máis arraigadas do atletismo galego, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do atletismo na cidade de Vigo, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.*



*O programa da competición inclúe carreiras de 100m, 400m, 1000m, 1.500m, 5.000m, saltos de altura, lonxitude, triple e pértiga, lanzamentos, probas de fondo e de obstáculos. Esta gran cantidade de probas, engadida á necesidade dos e das atletas de conseguir marcas mínimas para acudir ós campionatos oficiais de ámbito internacional, motivará a participación de atletas de toda a xeografía nacional, así como os e as mellores atletas de Galicia. Esta circunstancia provoca que o evento se converta, durante a súa celebración, no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.*

*O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización do atletismo na cidade de Vigo.*

*Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos da envergadura como o do Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais, considerando ademáis que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola AVA, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a organización do evento de referencia.*

*As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a AVA é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares, e a única entidade coa autorización federativa necesaria. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrència, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á AVA, co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.*

*Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode*

*promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.*

*A AVA non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14834/333.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da AVA, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.*

*A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese publico e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a AVA é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.*

*O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de actividades vinculadas co Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais, debido ó interés que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.*

*Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.*

A AVA presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar vinculadas co Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da AVA das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a AVA, co CIF: G-36645109 para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar o proxecto de actividades vinculadas coa celebración do Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais 2016.

**SEGUNDA:** Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 8.000,00 € a favor da AVA, co CIF: G-36645109 con enderezo social na Rúa Severo Ochoa, 4, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de actividades vinculadas co Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais 2016.

**TERCEIRA:** Aprobar o seguinte procedemento de pago anticipado de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos derivados do desenvolvemento da actividade no período comprendido entre o inicio e a finalización da mesma e que ten que afrontar a beneficiaria, e de acordo ás seguintes condicións:

- O 50% (4.000,00€) do importe total proposto, será abonado mediante transferencia bancaria á AVA, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.
- O resto do importe abonarase á AVA (CIF: G-36645109), trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do convenio. O pagamento realizarase con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do vixente orzamento.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO CO OBXECTO DE COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES VINCULADO COA CELEBRACIÓN DO CIRCUITO CONCELLO DE VIGO DE ATLETISMO EN PISTA-SERIES MUNICIPAIS 2016 (EXPTE. 14834/333).**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_\_ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, na súa calidade de Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H) por Delegación da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Eleuterio García García Rodríguez como presidente da Agrupación Viguesa de Atletismo, CIF nº G-36645109 e enderezo social na rúa Severo Ochoa, 4, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14834333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

*I.- Que a Agrupación Viguesa de Atletismo (En adiante AVA) é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar, que ten por obxecto o fomento e o impulso da práctica do atletismo, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel oficiais, e sen ánimo de lucro.*

*Esta entidade ten un amplo vagaxe na cidade de Vigo, desenvolve un importante proxecto deportivo e está considerada como unha das entidades de maior arraigo na cidade, participando en diferentes competicións de categorías base a nivel provincial, autonómico e nacional, o que a converte nun referente deportivo e social na cidade de Vigo.*

*II.- Que no ano 2016, a entidade organiza o Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais, que lle outorga un valor moi importante para a promoción do atletismo tanto na propia cidade de Vigo como nas diferentes cidades da xeografía nacional, e que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do atletismo na cidade de Vigo, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.*

*Este evento, é unha das competicións máis arraigadas do atletismo galego, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do atletismo na cidade de Vigo, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.*

*O programa da competición inclúe carreiras de 100m, 400m, 1000m, 1.500m, 5.000m, saltos de altura, lonxitude, triple e pértiga, lanzamentos, probas de fondo e de obstáculos ó longo de 7 xornadas, iniciadas o 3 de xaneiro e que rematan co desenvolvemento do Gran Premio Cidade de Vigo no mes de xullo. Esta gran cantidade de probas, engadida á necesidade dos e das atletas de conseguir marcas mínimas para acudir ós campionatos oficiais de ámbito internacional, motivará a participación de atletas de toda a xeografía nacional, así como os e as mellores atletas de Galicia. Esta circunstancia provoca que o evento se converta, durante a súa celebración, no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.*
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do programa de actividades vinculado coa celebración do Circuito Concello de Vigo de Atletismo en pista 2016, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.*

*VI.- Que a AVA non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a*

*Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da AVA, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.*

#### PACTOS

Primeiro.- *A AVA comprométese a colaborar coa Concillería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, desenvolver o programa de actividades vinculado coa celebración do Circuito Concello de Vigo de Atletismo en pista-Series Municipais 2016.*

*2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*

*3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Conceder á AVA unha subvención polo importe de 8.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Circuito Concello de Vigo de Atletismo en pista-Series Municipais 2016". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.*

*2º.- Proceder ó pago anticipado do 50% do importe total da subvención de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos derivados do desenvolvemento da actividade no período comprendido entre o inicio e a finalización da mesma e que ten que afrontar a beneficiaria, e de acordo ás seguintes condicións:*

- O 50% (4.000,00€) do importe total da subvención, será abonado mediante transferencia bancaria á AVA, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.*
- O resto do importe abonarase á AVA CIF: G-36645109, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do convenio.*

*3º.- Colaborar co , na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*

*4º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da AVA (revista, web, etc).*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.*

*Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e os tres meses posteriores á finalización do programa. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de ..... euros.*

*A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e os tres meses posteriores á finalización do programa.



Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2016.

O Concelleiro Delegado de Deportes.

O Presidente da Agrupación Viguesa de Atletismo

Asdo. José Manuel Fernández Pérez

Asdo. Eleuterio García Rodríguez

**10(218).- PROPOSTA DE PROMOCIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL “TROTABOOKS” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. EXPTE. 12708/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/03/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado **“Iniciativas Locais de Emprego”** (ILES), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial “Trotabooks” de compra-venta de libros con

enderezo en Vigo, promovido e presentado por Gloria Seoane Oubel en calidade de representante, por acadar as seguintes características:

- O proxecto empresarial “**Trotabooks**” é **innovador** na área de Vigo, e consiste na compra-venta de libros de segunda man, co obxectivo de promover a lectura e de facer accesibles moitos libros a un prezo sen competencia:
  - Compra de libros a particulares.
  - Venta de libros de segunda man coma novos a precios case imposibles.
  - Disponibilidade de fondo inventariado coa utilización da tecnoloxía e a especialización en libros, que marcarán a diferenza co modelo tradicional de segunda man.
  - Zona de lectura e consulta.
  - Aporte cultural coa organización e presentación de libros de autores locais, charlas literarias e todo tipo de eventos relacionados co mundo cultural e literario de Vigo.
- A empresa terá o seu domicilio social na r/ Gerona, na zona de Camelias-Traviesas e adoptará a forma xurídica de empresa individual no réxime de autónomos.

Trotabooks, ademais, ten a ambición de ser un fogar para lectores e un centro de promoción da cultura en xeral e galega en particular.

A empresa precisa dun investimento inicial de 19.150 €, sendo a financiación recursos propios dos socios 9.150 €, e financiación allea de 10.000 € a través dunha entidade financeira.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizar o proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**Trotabooks**” promovida por **Dona Gloria Seoane Oubel** en representación, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.

- *Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- *Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- *Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

**11(219).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 12692/77.**

Dáse conta do informe do 03/03/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área:

*"Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante os meses de xaneiro e febreiro de 2016:*

<i>Expediente</i>	<i>Tipo</i>	<i>Asunto</i>	<i>Adxudicatario</i>	<i>Importe</i>
12623/77	CMSUB	<i>Adquisición material de oficina</i>	<i>Xenérico</i>	2.000,00 €
12624/77	CMSUB	<i>Sub. prensa aos centros de Emprego</i>	<i>Xenérico</i>	800,00 €
12626/77	CMSUB	<i>Adquisición consumibles informáticos</i>	<i>Xenérico</i>	3.000,00 €
12627/77	CMSEER	<i>Servizos Postais</i>	<i>Xenérico</i>	500,00 €
12628-77	CMSEER	<i>Servizos postais, portes e mensaxería</i>	<i>Xenérico</i>	500,00 €
12629-77	CMSEER	<i>Conex. Á central de alarmas do centro socio-comunitario de Ríos-Teis</i>	<i>Segurgal</i>	295,51 €
12632-77	CMSEER	<i>Mantemento base de datos usuarios de Emprego</i>	<i>Hermes Sistemas</i>	3.881,68 €
12634-77	CMSEER	<i>Formación PEIG VIGO INTEGRÁ III: Curso plataformas elevadoras e manexo guindastre</i>	<i>Ara Negocios</i>	2.100,00 €
12636-77	CMSEER	<i>Reparación e mantemento Mobiliciario, equipos oficina VIGO INTEGRÁ III</i>	<i>Xenérico</i>	2.000,00 €
12637-77	CMSEER	<i>Realización actividades prospección de mercado de traballo VIGO INTEGRÁ III</i>	<i>Femxa Formación, S.L.</i>	9.075,00 €
12638-77	CMSEER	<i>Aluguer maquinaria, instalacións e utillexe de hostelería VIGO INTEGRÁ III</i>	<i>Xenérico</i>	1.000,00 €

12639-77	CMSER	Formación PEIG VIGO INTEGRÁ III: Cursos terminais e puntos de venda	Aevigo, S.L.	9.478,70 €
12640-77	CMSUB	Suministros materiais construción e mantemento obras municipais. VIGO EMPREGA 2016	Xenérico	18.000,00 €
12642-77	CMSER	Aluguer equipos informáticos e multimedia VIGO INTEGRÁ 2016	Xenérico	9.000,00 €
12643-77	CMSUB	Adq. Material oficina O.E. VIGO CAPACITA II	Xenérico	150,40 €
12644-77	CMSUB	Adq. subministros O.E. VIGO CAPACITA II	Xenérico	2.060,00 €
12645-77	CMSUB	Vestiarío O.E. VIGO CAPACITA II	Xenérico	1.700,00 €
12646-77	CMSUB	Sub. Alimenticios O.E. VIGO CAPACITA II	Xenérico	6.500,00 €
12647-77	CMSUB	Sub. Product. limpeza O.E. VIGO CAPACITA II	Xenérico	500,00 €
12648-77	CMSUB	Gastos diversos O.E. VIGO CAPACITA II	Xenérico	3.523,20 €
12651-77	CMSER	Formación VIGO INTEGRÁ III: Cursos Ferramentas para o Emprego, Selección de Persoal,...	Método Estudios Consultores, S.L.	2.100,00 €
12656-77	CMSER	Atencións Protocolarias	Xenérico	1.500,00 €
12662-77	CMSER	Formación VIGO INTEGRÁ III: Curso Panadería	APROINPA	16.200,00 €
12663-77	CMSER	Aluguer inmobles para actividades fomento do Emprego	Xenérico	10.000,00 €
12664-77	CMSER	Aluguer medios de transporte para persoal Inserción Laboral e Fomento do Emprego	Xenérico	8.000,00 €
12665-77	CMOB	Reparación e mantemento de instalacións municipais da área de Emprego	Xenérico	10.000,00 €
12666-77	CMSUB	Cartelería, impresos e outro material publicitario da Concellería	Xenérico	8.000,00 €
12669-77	CMSER	Formación VIGO INTEGRÁ III: Cursos Xestión Almacen, Carretillero,...	Gabinete Recolocación Industrial, S.L.	6.170,00 €
12678-77	CMSUB	Consumibles VIGO INTEGRÁ III	Xenérico	5.500,00 €
12679-77	CMSER	Reparación e mantemento equipos informáticos VIGO INTEGRÁ III	Xenérico	5.000,00 €
12681-77	CMSUB	Material, suministros e outros VIGO INTEGRÁ III	Xenérico	10.000,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**12(220).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO**

## **SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 7110/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 07/03/16, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área:

*“Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte*

### **PROPOSTA:**

*Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de febreiro do ano 2016.*

<b>Expte.</b>	<b>Tipo</b>	<b>Asunto</b>	<b>Adxudicatario</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Nº operación</b>	<b>Data Decreto</b>	<b>Importe</b>
7060-224	CMSE	Cursos do programa “Ser Muller é unha boa idea”	Cristina Rodríguez Ramos	23112260600	14605	03/02/16	432,00 €
7091-224	CMSE	Cursos do programa “Ser Muller é unha boa idea”	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	15250	10/02/16	720,00 €
7095-224	CMSE	Realización e difusión das actividades do “8 de Marzo”	Xenérico	23112260601	17006	16/02/16	6.000,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

## **13(221).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ÁRBORES, ARBUSTOS E PLANTA DE TEMPORADA. EXPTE. 8566/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/02/16 e o informe de fiscalización do 03/03/16, dáse conta do informe-proposta do 19/02/16, do xefe da área de Servizos Xerais, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **“ANTECEDENTES:**

**Primeiro.-** mediante Resolución de 20 de novembro de 2015 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns acordou iniciar o procedemento de contratación de subministro de árbores, arbustos e pranta de tempada.

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade do contrato con expresión da competencia municipal exercida e a necesidade específica de reposición e a súa compatibilidade co contrato de mantemento de zonas verdes do Xefe da Area de Servizos Xerais de 20 de novembro de 2015.
- Orde de inicio do expediente, asinada polo Concelleiro Delegado de Parques e Xardíns de 23 de novembro de 2015.

- *Memoria xustificativa do contrato na que se detalla o prezo e a súa xustificación, os criterios de valoración, prazo...do Xefe da Area de Servizos Xerais e conforme do Concelleiro Delegado de Parques e Xardíns.*
- *Prego de prescricións técnicas particulares do enxeñeiro de montes do 23 de novembro de 2015, coa relación de elementos a subministrar, e os prezos por unidade.*
- *Informe da Xefa de Servizo de Contratación do 30 de novembro de 2105 sobre o cumprimento documental do expediente.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 5 de xaneiro de 2015.*
- *Informe elaborado pola Asesoría Xurídica en data 15/01/2016*
- *Informe – Proposta asinado polo servizo de Parques e Xardíns en data 27/01/16*
- *Novo Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 9 de febreiro de 2016.*
- *Informe elaborado pola Asesoría Xurídica en data 10/02/16*

*O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 b) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.*

*A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º Aprobar o gasto de 60.000,00 euros para o subministro de árbores, arbustos e pranta de tempada 60.000,00 € ( 49.586,78 € e 10.413,22 de IVE) . O orzamento total imputarase a partida 1710-210.00.04 (Adquisición de elementos vexetais).*

*2º Aprobar o expediente de contratación por Procedemento Aberto do subministro de árbores, arbustos e pranta de tempada que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 23/11/2015 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 09/02/2016*

*3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(221).- PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DO**

**EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA PRÍNCIPE Nº 54 (FUNDACIÓN MARCO).  
EXPTE.19795/240.**

Retírase o presente expediente para mellor estudo.

**15(222).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO  
CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO 4.12.15 EN RELACIÓN COA  
DESESTIMACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN DE  
ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO”. 7154/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/02/16, dáse conta do informe-proposta do 01/03/16, do xefe do servizo conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

**“ANTECEDENTES**

- *Con data 27/08/2015, e nº de expediente 7154/320, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Distritos, Comercio e Participación Cidadá, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación vixente (art. 127 da Lei 7/1985, e Decreto de delegacións de Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), resolveu iniciar a tramitación do procedemento de concesión da subvención prevista nominativamente no vixente presuposto xeral prorrogado, a prol da Federación Veciñal “Eduardo Chao” (FAVEC), mediante a subscripción dun convenio de colaboración regulamentado no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Con data 28/08/2015, se lle comunica á FAVEC a resolución de inicio do procedemento e se require documentación para a tramitación do procedemento, esta comunicación foi recibida o 02/09/2015, posteriormente o 03/09/2015 se lle comunica á FAVEC unha rectificación por erro na comunicación de inicio do procedemento, comunicación recibida o 08/09/2015.*
- *Dona María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, con data de Rexistro 16/09/2015 e número de documento 150117096, aporta documentación para a tramitación dun convenio de colaboración por importe de 70.000,00 €, entre o Concello de Vigo e a Federación que representa. Posteriormente con data de rexistro 22/09/2015 e número de documento 150120121, poarta nova documentación para unir á presentada anteriormente.*
- *Con data 22/09/2015, o servizo de Participación e Atención Cidadá, solicita emenda da documentación presentada por medio dos documentos 150117096 e 150120121, requerimento recibido o 23/09/2015.*
- *Con data 07/10/2015 e número de rexistro 150127376, Dona María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, aporta documentación en base ao requerimento de subsanación realizado por este servizo.*
- *En base a autorización de Dona María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, para solicitar expedición telemática dos certificados que acrediten estar ao corrente das obrigacións tributarias da entidade fronte a administración, se ten solicitado o mesmo*

á Axencia Tributaria, co resultado NEGATIVO por incumplimento de obrigacións tributarias, con data de certificación de 19/10/2015 e referencia C5CYW5Y3JGH.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de decembro de 2015, visto o informe xurídico do 5/11/2015, e o informe de fiscalización do 23/11/2015, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 30/10/2015, conformado polo concelleiro-delegado da Área, acorda, "Ter por desistida á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", na tramitación do convenio de colaboración con Concello de Vigo, por non ter subsanada a documentación solicitada no prazo establecido".
- Con data 18/12/2015 e recibido o 23/12/2015, lle foi notificado á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", o acordo da Xunta de Goberno Local de data 4/12/2015, con indicación expresa de que contra a mesma poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.
- Con data 29/12/2015 e número de rexistro 150174243, Dona María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", aporta certificado da Axencia Tributaria, de data 28/12/2015.
- Con data 26/01/2016 e número de rexistro 160008649, Dona María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", presenta Recurso de Reposición, contra acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de decembro de 2015.
- Con data 23/02/2016, o Secretario de Administración Municipal, emite informe xurídico a solicitude do servizo de Participación e Atención Cidadá, no que propón "Desestimar o recurso de reposición presentado pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" contra a denegación da subvención solicitada pola Federación referida á partida económica recollida nos orzamentos municipais do ano 2015, 92404890013 'Convenio FAVEC'".

Polos motivos expostos o funcionario que subscribe e conforme ao informe xurídico solicitado, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*Primeiro: Desestimar o recurso de reposición presentado pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" contra a denegación da subvención solicitada pola Federación referida á partida económica recollida nos orzamentos municipais do ano 2015, 92404890013 "Convenio FAVEC".*

*Segundo: Notificar a denegación á recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación desta Resolución."*

**Acordo:**



A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(223).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL POR CONDUCIR VEHÍCULO LIXEIRO SIN SER OFICIAIS CONDUTORES, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015. EXPTE. 27592/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 07/03/16, dáse conta do informe-proposta do 09/03/16, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*"A Intervención Xeral en data 17/02/2016 emite informe favorable ao expediente 27592-220 efectuando as seguintes observacións:*

*•Da análise da documentación acredítase por parte dos responsables dos servizos causantes, a utilización de vehículo municipal durante máis do 50% da xornada diaria, non obstante nalgúns deles non hai referencia algunha ás funcións extraordinarias desenvoltas nin ás matrículas dos vehículos que se utilizaron como así regulan as vixentes Instrucións de Plantilla.*

*•Existe informe proposta do Servizo Xestor -Recursos Humanos-, pero sen verificación dos extremos salientados no parrafo anterior -extraordinariedade, porcentaxe, control horario, e matrícula dos vehículos municipais empregados-.*

*En relación ao devandito informe reiterase no recollido no Informe proposta de data 12/02/2016, en canto a que efectiva realización da actividade laboral, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.*

*Sinalar así mesmo que nas relacións remitidas a este Servizo e que forman parte deste expediente figuran servizo, nome do empregado municipal, matrícula do vehículo utilizado, data do servizo, lugar e motivo.*

*En consecuencia e recibidos no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado polos Xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, informes dos servizos de Desinfección, Educación, Patrimonio Histórico, Seguridade e Mobilidade, Limpeza, Medio Ambiente, Taller Vías e Obras, Transporte, Museo e Electromecánicos que conteñen relación do persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por conducción de vehículo municipal sin ser oficiais condutores, correspondentes ao 4º trimestre-2015 .*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) publicado no BOE nº 261, do sábado día 31 de outubro do 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións*

complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo. A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

*As vixentes Instruccións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.*

*Da análise da documentación comprobouse a existencia de relacións do persoal dos distintos servizos propostos para o aboamento do complemento de produtividade, con indicación individualizada dos días traballados e importes según o estipulado na instrucción precitada así como o vehículo utilizado, número de flota. Así mesmo as xefaturas de servizos informan dos traballos desenvolvidos utilizando os vehículos referenciados en ditos informes no 4º trimestre do ano 2015. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.*

*Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a "Actualización das instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instruccións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na vixente lexislación.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais condutores, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo,*

correspondentes ao 4º trimestre-2015, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I– e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 4.579,90 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO I

Servizo	Relacións	TOTAL
Desinfección	De Pardellas Avión, A. Avelino a	331,24 €
	Seijas Álvarez, José Ramón	
Educación	Puentes Rodríguez, Eladio	179,14 €
Patrimonio Histórico	De Guisande Oleiro, Antón a	182,52 €
	Conde Castro, David	
Seguridade	De García Alfonso, Juan Jesús	114,92 €
Limpieza	De Barrio Martínez, Leonor M. a	679,38 €
	Sola Quiroga, Constantino	
Medio Ambiente	De Álvarez Díaz, Roberto a	331,24 €
	Hervada Ventín, Andrés	
Taller de Vías e Obras	De Alonso Correa, José Fernando a	2.112,50 €
	Vázquez de Francisco, José Luis	
Transportes	De Alonso González, José Ramón	162,24 €
Museo	De Vázquez Martínez, Ramón	165,62 €
Electromecánicos	De Posada Oitabén, Angel a	321,10 €
	Bea Puentes, Francisco J.	
		4.579,90 €

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(224).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2016. EXPTE. 27682/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/03/16, dáse conta do informe-proposta do 19/02/16, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Con data 04/02/2016, a xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdnable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de **Xaneiro-2016**, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da “actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuais, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 01/02/2016 figura relación do persoal , indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do*

exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Xaneiro de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Area.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Legislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento– entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b).

Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **A C O R D O :**

“**Primeiro.**- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos

informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de **Xaneiro de 2016**, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.116,44 €.

**Segundo.**- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizdos fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.**- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	558'22 €
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	558,22 €
	IMPORTE TOTAL.....	1.116,44 €

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(225).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2016. EXPTE. 27686/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/03/16, dáse conta do informe-proposta do 19/02/16, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal.

“Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 04/02/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Xaneiro de 2016, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar

coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 04/02/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento– entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

